

## DECRETO DE ALCALDÍA

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve aprobar as bases do concurso Adorna Rois no Nadal.

## ANTECEDENTES

O Concello de Rois convoca o concurso **Adorna Rois no Nadal** co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e na ornamentación do municipio, facendo cómplices a comerciantes, hostalería, asociacionismo e veciñanza.

Mediante este concurso preténdese promover a creatividade, potenciar o ambiente destas festas, así como fomentar o aspecto artístico e o carácter tradicional. Para promover o interese e a participación e para un maior realce do concurso, o Concello concederalles premios ás persoas participantes que resulten gañadoras, segundo se determina nas bases que se achegan.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

## DECRETO:

**Primeiro.** Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se detallan deseguido:

## BASES DO CONCURSO ADORNA ROIS NO NADAL

O Concello de Rois convoca o concurso **Adorna Rois no Nadal** co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación do municipio, facendo cómplices a comerciantes, hostalería, asociacionismo e veciñanza.

Mediante este concurso preténdese promover a creatividade, potenciar o ambiente destas festas, así como fomentar o aspecto artístico e o carácter tradicional. Para promover o interese e a participación e para un maior realce do concurso, o Concello concederalles premios ás persoas participantes que resulten gañadoras, segundo se determina nestas bases.

## PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e, polo tanto, seren as persoas beneficiarias nos termos establecidos nestas bases: a veciñanza de vivendas, comunidades de persoas propietarias de edificios, as persoas responsables de hostalería, comercios e negocios que estean situados no termo municipal de Rois as persoas á fronte das asociacións rexistradas no rexistro municipal do Concello.

## CATEGORÍAS E MODALIDADES

Establécense 4 categorías:

### 1ª.- COMERCIO/NEGOCIO

Valorarase en conxunto o mellor escaparate e exterior do establecemento co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionais do Nadal, iluminación da instalación e composición. Os obxectos de venda que se atopen nos escaparates poderán ser cambiados durante este período, sempre que non se modifique a decoración do escaparate.

### 2ª.- HOSTALERÍA

Valorarase en conxunto a decoración das ventás, das portas e do exterior do establecemento participante, co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionais do Nadal, iluminación da instalación e composición.

### 3ª.- VIVENDAS

Establécense dúas modalidades:

3.1. Comunidade de veciños/as dun edificio: poderán participar todas as comunidades de veciños/as de Rois que decoren conxuntamente o exterior do seu edificio. Só se valorarán as decoracións que sexan totalmente visibles dende a vía pública.

3.2. Vivendas unifamiliares: poderán participar as persoas residentes en calquera vivenda unifamiliar situada en Rois que decoren o seu exterior. Só se valorarán as decoracións que sexan totalmente visibles dende a vía pública.

### 4ª.- REDE ASOCIATIVA DO CONCELLO DE ROIS

Aberto ás entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Rois. Decidirán o espazo (local social, local veciñal, campo da festa, igrexa parroquial...) onde van realizar a decoración. Só se valorarán aquelas que sexan totalmente visibles dende a vía pública.

## CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

A decoración deberá ter relación co Nadal e cos motivos tradicionais deste, con plena liberdade en canto á técnica e ao estilo decorativo e quedando totalmente prohibido a utilización de candeas, fachos, pirotecnia ou calquera outro elemento que puidese resultar perigoso.

A decoración deberá estar exposta ata o día 7 de xaneiro de 2024 (incluído).

Só se poderá participar nunha das catro categorías e modalidades.

Non se poderá solicitar axuda municipal para o transporte ou colocación dos adornos nin para a súa retirada.

A decoración presentada non poderá ser modificada, deberá ser visible dende a vía pública e non causarles molestia á veciñanza nin ás persoas transeúntes. Tampouco poderá nin obstruír o tráfico de vehículos ou persoas.

Os decorados deben contar coas condicións precisas de conservación, coidado e seguridade durante todo o período de exposición.

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases. O Concello de Rois resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

En todo caso, o Concello queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmontaxe.

Calquera modificación destas bases será publicada na páxina web e nas redes sociais do Concello de Rois.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

## **COMO E CANDO PARTICIPAR**

As persoas participantes teñen que realizar 1 fotografía do decorado. A imaxe ten que ser en formato dixital e poderá ser en cor ou en branco e negro. Nela non deben saír persoas identificables nin animais vivos e non poderán reflectir connotacións sexistas, xenófobas, racistas ou ofensivas contra persoas e/ou institucións.

As fotografías deben enviarse por correo electrónico co asunto "Concurso adorna Rois no Nadal" ao enderezo inscricions@rois.gal. No prazo de 24 horas hábiles responderase á mensaxe enviada conforme se recibiu e quedará rexistrada a participación. As persoas participantes que non cumpran os requisitos detallados nas bases ou que non reciban a mensaxe de resposta do Concello poderán ser excluídas. Na mensaxe deberase indicar:

- A categoría á que se presenta.
- O título da fotografía, que ten que estar relacionado coa temática. Debe ser unha mensaxe non ofensiva, do contrario quedará excluída do concurso.
- O nome e apelidos da persoa que a envía e, no caso de tratarse dun negocio ou dunha entidade asociativa, dicir cal é.
- O número de teléfono de contacto.
- O enderezo e a localización do lugar do decorado para o acto de comprobación.
- A copia do DNI.

O prazo de envío da mensaxe electrónica para participar no concurso comeza o día 1 de decembro e remata ás 00.00 h do día 10 de decembro do presente ano.

As persoas participantes cédennlle o dereito das imaxes remitidas ao Concello de Rois para a súa difusión nos medios de comunicación, na páxina web, nas redes sociais, en publicacións, así como en calquera outro soporte físico ou audiovisual.

## PREMIOS

Establécense os seguintes premios por categoría e modalidade:

### 1º.- COMERCIO/NEGOCIO

1º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

2º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

### 2º.- HOSTALERÍA

1º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

2º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

### 3º.- VIVENDA

#### 3.1.- COMUNIDADE DE VECIÑOS/AS DE EDIFICIO

1º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

2º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

#### 3.2.- VIVENDA UNIFAMILIAR

1º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

2º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

### 4º.- REDE ASOCIATIVA DO CONCELLO DE ROIS

1º PREMIO: 200 € e imaxe institucional para a gravación dun vídeo na campaña de Nadal do Concello de Rois.

2º PREMIO: cesta con produtos de Nadal

O pagamento do premio en metálico será realizado mediante transferencia bancaria na conta sinalada polas persoas gañadoras. As persoas premiadas co premio metálico deberán achegar unha declaración responsable de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DOS PREMIOS

As imaxes publicaranse no facebook do Concello de Rois o 12 de decembro.

Os premios entregaranse en función dos “Gústame” que reciban ata o 18 de decembro (só se contabilizarán os “Gústame” recibidos, ningunha outra opción é válida) dentro da páxina de facebook do Concello de Rois.

O símbolo que representa a interacción “Gústame” é o seguinte:



A resolución realizarase o martes día 19 de decembro de 2023 atendendo ao número de “Gústame” rexistrados a partir das 12.00 h e no tempo que leve computar as interaccións o propio 19 de decembro.

### **NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS PREMIADAS E PARTICIPANTES**

Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración, realizarase unicamente mediante a publicación das persoas premiadas no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, de acordo co artigo 40 e 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva.

A entrega de premios realizarase o 20 de decembro pola tardiña no lugar que resulte elixido co 1º premio na categoría de REDE ASOCIATIVA DO CONCELLO DE ROIS, momento en que se vai realizar a gravación do vídeo institucional coa mensaxe de Nadal.

### **NORMATIVA APLICABLE**

As presentes bases vinculan a administración e a quen participe no concurso, e tanto a convocatoria coas súas bases coma cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e formas que determine a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no seu caso, a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Segundo.** Efectuar a convocatoria pública para a presentación dos traballos ao devandito concurso.

O alcalde-presidente

O secretario accidental

Ramón Tojo Lens

José Ángel Sorribas Bustelo